

# CANCIÓNS DE MAGOSTO

A canción de Samaín e Halloween que elaboramos o curso pasado co mestre Jose de música:

Samaín

Samaín



Knock, knock, trick or treat?

Thriller





# ORIXE DO SAMAÍN

Samaín é unha das festividades de orixe celta máis importantes do período pagán que dominou Europa hasta a conversión o cristianismo. Nesta festividade celebrábase o final da tempada de colleitas dos celtas e o ano novo, que sería ó anoitecer do día 31 de outubro, xa que coa posta do sol arrincaba un novo día na cultura celta. Os celtas dividían o ano en dúas metades: a luminosa e a escura; o inverno e o verán. samhain é traducido por novembro en gaélico ou «fin do verán», e celébrase dende hai máis de tres mil anos polos celtas que poboaron Europa.

O Samaín era un momento no que as fronteiras entre o mundo dos vivos e o dos mortos estaban máis preto, podían comunicarse e visitar os seus antigos fogares. O costume era deixar comida e doces fóra das casas e acender candeas para axudar as almas dos mortos a atopar o camiño ó mundo espiritual ou Mundo Inferior. Tamén se deixaban cadeiras baleiras dentro das casas lembrando os familiares falecidos recentemente.

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

## CEIP PLURILINGÜE A CRISTINA

# SAMAÍN






Data: Martes 31 de outubro

Lugar: Patio do colexio

Actividades: merenda de castañas e xogos tradicionais



# XOGO:

Colorea segindo os números



| | | |
|---|---|---|
| 1 laranxa orange | 2 marrón brown | 3 amarelo yellow |
| 4 morado purple | 5 verde green | 6 azul blue |

# POEMA SONORO:



## A MEIGA TOLA

Unha vez había unha meiga
xa cho conto eu,
petou forte na fiestra e
correu, correu, correu.

Correu coma o vento,
sobre as ondas do mar,
sentouse na vasoira,
botouse a voar.

Con esta meiga tola,
"miau" dixo o gato,
e de tanto susto
"shhh" fixo o rato.

"iiiiiiii" van subindo,
"aaa" van baixando,
aí ven o Samain,
coas meigas voando.



# ARTE E SAMAÍN

Seguindo o proxecto "Emocionarte" presentamos a obra do artista galego Manuel Bujados: 'La Esfera'.



Conversa sobre a emocións que evoca esta obra:

- Que ves na obra?
- Que cores emprega o autor?
- Cales son os teus medos? Que pensas que quería transmitir o autor?